...na clase 3ºC

“a pita de ouro”

Contan que na fonte do Casalete había unha pita e uns pitiños de ouro que saían todos os días á hora do descanso polo ollo da fonte.
Un día, unha nena de sete anos que vivía alí cerca, foi beber e viu á Pita de Ouro e os pitiños peteirando arredor dela. O abraio da nena aumentou cando a pita lle falou:

- “A xente vella é moi usureira e, por iso, só saio da fonte cando están durmindo. Non lle digas a ninguén que me viches. Se o soubesen atraparíanme para tentar enriquecerse. Se gardas ben o segredo, has ter boa recompensa´´.
  Dende aquela, a nena ía todos os días onde a pita e os pitiños e leváballes unhas faragulliñas de pan.
  Pasou así moito tempo ata que, un día, a pita de ouro arrincou unha das súas plumas máis fermosas que tiña e deulla á nena dicindo:
- “Toma esta pluma de ouro por ter gardado o segredo e tamén en pago polo pan que nos traes a min e os meus pitiños.Que ninguén cha vexa porque, daquela, quererían saber da súa procedencia e acabarían con nós”.
  A nena colleu a pluma de ouro e gardou o segredo ata que, un día, súa nai lle atopou na alcoba a pluma de ouro e entón interrogou a nena para saber de onde lle viñera.A nena calou , pero a nai insistiu tanto que a rapaza se viu na obriga de contarllo.

A nai prometeulle á nena gardar o segredo pero, xa se sabe… Un día que a rapaza estaba ausente, a nai achegouse á fonte por ver se era certo o que lle contara a filla. Asexou trala silveira e non tardou en sair polo ollo á pita e aos pitiños. A muller, ao ver tal riqueza, intentou pillar a galiña pero esta entrou, de novo, polo picho da fonte. A vella foi para a casa matinando de volver ó outro día e daquela a pita non había de fuxir.
Cando chegou á casa a nena estaba chorando no zaguán. A pluma de ouro convertérase nunha pluma calquera. Dende aquela a pita non volveu ser vista e din que a noite de San Xoán, antes de raiar o sol, bota polo ollo da fonte unha pebida de ouro para dar mostra da súa existencia.

Antía Tato Sánchez 3ºC

adiviñas 1ºB

Catro cans e catro pans,
pan e medio e medio pan,
cantos pans leva nas miñas
mans?

Un só portiro
un só inquilino
a tiña casa redonda
a lera contigo

Bonita pranta
con unha flor
que xira e xira buscando
o sol

Unha media, media feita,
outra media sen facer
dígame vostede cantas
medias podo ser.

As miñas irmáns
no ceo se saben relumbrar
mais eu prefiro
vivir feliz no mar

+ Adiviñas

Voo sen ás
Asubio sen boca
Azouto sen máns
E ti non me ves,
E ti non me tocas

No medio do ceo estou
Sen ser luceiro nin estrela,
Sen ser sol nin lua chea:
A ver se acertas quen son

Cócese sen auga,
córtase sen tesoiras
sóbese sen escaleiras
e ocupa ás cociñeiras

Sabes que cousa será,
que cando falas rómpelo
e cando calas está

Dúas patas cun soporte
e son ás veces tan fieras
que che poden dar un corte